FEAGA
FEDERACIÓN
DE AUTÓNOMOS
DE GALICIA

2009-10

ESTUDO DOS AUTÓNOMOS DA CORUÑA

FEAGA

30/04/2010

1. RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS (RETA)

1.1. CAMPO DE APLICACIÓN

1.2 SITUACIÓN DOS AUTÓNOMOS EN ESPAÑA

2. SITUACIÓN ACTUAL EN GALICIA

2.1. MOVEMENTO DOS TRABALLADORES NO 2009-2010

2.2. SITUACIÓN DOS AFILIADOS EN ALTA POR REXÍMENES

2.3. AFILIADOS EN ALTA POR XÉNERO E PROVINCIAS

2.4. AFILIADOS EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE

2.5. O PERFIL DO AUTÓNOMO

2.6. OS AUTÓNOMOS EXTRANXEIROS

2.6.1. EVOLUCIÓN DE AFILIACIÓN MEDIA DE EXTRANXEIROS POR PROVINCIA

2.6.2. AFILIACIÓNS DOS EXTRANXEIROS SEGÚN PROCEDENCIA POR PROVINCIA.

2.6.3. AFILIACIÓN MEDIA DO XÉNERO DOS EXTRANXEIROS POR PROVINCIAS

2.6.4. AFILIACIÓN EXTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE

2.6.5. AFILIADOS MEDIOS EXTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR RÉXIME E PAÍSES DE PROCEDENCIA

3. SITUACIÓN ACTUAL NA CORUÑA

3.1. MOVEMENTO DOS TRABALLADORES NO 2009-2010

3.2. SITUACIÓN DOS AFILIADOS EN ALTA POR REXÍMENES

3.3. AFILIADOS EN ALTA POR XÉNERO

3.4. AFILIADOS EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE

3.5. OS AUTÓNOMOS EXTRANXEIROS

4. PENSIÓNS E PENSIONISTAS

4.1 PENSIÓNS DOS AUTÓNOMOS EN ESPAÑA

4.2 PENSIÓNS DOS AUTÓNOMOS EN GALICIA

5. OS AUTÓNOMOS E AS NOVAS TECNOLOXÍAS

5.1. SITUACIÓN EN ESPAÑA

5.2. SITUACIÓN EN GALICIA

6. CONCLUSIÓNS XERAIS

1. RÉXIMEN ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

1.1. CAMPO DE APLICACIÓN.

Un traballador autónomo ou empresario individual é a persoa física que realiza de forma habitual, persoal e directa a actividade económica a título lucrativo, sen suxeición a contrato de traballo e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas.

Ao longo deste estudo analizamos as estadísticas publicadas na páxina web da Seguridade Social (http://www.seg-social.es) centrándonos no Réxime Especial dos Autónomos e facendo tamén referencia ao Réxime Especial para traballadores por Conta Propia Agrarios, debido os cambios xerados pola Lei 18/2007. . En aplicación desta Lei, dende xaneiro do 2008 procedeuse á integración no Réxime Especial de Traballadores Autónomos do novo Sistema Especial de Traballadores Agrarios (SETA), que incorpora ós traballadores por conta propia do Réxime Especial Agrario.

Aos efectos deste Réxime Especial, entenderase como traballador por conta propia ou autónomo, aquel que realiza de forma habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular de empresa individual ou familiar.

Presumirase, salvo proba do contrario, que no interesado concorre a condición de traballador por conta propia ou autónomo se o mesmo ostenta a titularidade dun establecemento aberto ao público como propietario, arrendatario, usufructuario ou outro concepto análogo.

Pola Lei 18/2007, do 4 de xullo establécese, dentro do Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, e con efectos dende 1 de xaneiro de 2008, o Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios, no que quedarán incluídos os traballadores por conta propia agrarios, maiores de 18 anos, que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser titulares dunha explotación agraria e obter, polo menos, o 50 por 100 da súa renda total da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da

actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ao 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias destas, sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

- Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular non superen a contía equivalente ao 75 por 100 do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización establecida en cada momento no Réxime Xeral da Seguridade Social.
- A realización de labores agrarios de forma persoal e directa en tales explotacións agrarias, aínda cando ocupen traballadores por conta allea, sempre que non se trate de máis de dous traballadores fixos ou, de tratarse de traballadores con contrato de traballo de duración determinada, que o número total de xornais satisfeitos aos eventuais agrarios non supere os 546 nun ano, computado de data a data.

No caso de non cumplir estes requisitos formarán parte do Réxime Especial Agrario. Quedarán incluídos os traballadores maiores de dezaseis anos que realicen labores agrarios con carácter retribuído por conta allea, dentro do ámbito de organización e dirección outra persoa física ou xurídica.

Expresamente quedan **incluídos**:

- Os Pastores, Gardas Rurais e de coutos de caza pesca que teñan ao seu cargo a custodia de gando ou a vixilancia de explotacións agrarias dun ou varios propietarios.
- Traballadores ocupados en faenas de rego e en labores de limpeza, monda e roza de canles, brazais, cando estes traballos non teñan outro fin que o de aproveitamento das augas para uso exclusivo das explotacións agropecuarias.
- Os traballadores que, como elementos auxiliares, presten servizos non propiamente agrícolas, forestais ou pecuarios de forma habitual e con remuneración permanente en explotacións agrarias. Terán este carácter os técnicos, administrativos, mecánicos, condutores de vehículos e maquinaria e calquera outros profesionais que desempeñen o seu labor na explotación.

Exclusións:

- Os mecánicos e condutores de vehículos e maquinaria os propietarios da cal arrenden os seus servizos para labores agropecuarios, sen ser titulares dunha explotación ou cando séndoo non os utilicen nesta.
- Os operarios que traballen directamente por conta das Empresas a actividade das cales é a de aplicacións fitopatolóxicas.
- O cónxuxe, descendentes, ascendentes e demais parentes do empresario por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao inclusive, ocupados na súa explotación agraria cando convivan no seu fogar e estean ao seu cargo, a non ser que se demostre a súa condición de asalariados, sen prexuízo de que poidan ter a consideración de traballadores por conta propia.

1.2 SITUACIÓN DOS AUTÓNOMOS EN ESPAÑA

No ano 2009 déronse de baixa 152.544 traballadores por conta propia en España a consecuencia da crise económica, o que supón unha contracción do 4,61% deste colectivo, que comenzaba o 2009 con 3.309.590 afiliados en España no RETA e remataba o ano con 3.157.046. O total de altas computadas no ano acadaban a cifra de 459.562 frente a un total de baixas de 612.106 autónomos. En tódolos meses do ano o número de baixas e superior ó número de altas, sendo os peores meses para este colectivo os meses de xaneiro (no que se computan 36.119 baixas), febreiro (16.432 baixas) e xulio (16.498 baixas), representando a suma nestos meses case a metade de baixas totales rexistradas ó longo do 2009.

Además se comparamos esta situación en España co que aconteceu en Europa, vemos como a crise golpea duramente ós autónomos españois no 2009, ó reflexar unha tasa de destrucción de empleo autónomo nove veces a caída media rexistrada por este colectivo en Europa que se sitúa en -0,5%.



En 2009 tódalas Comunidades Autónomas excepto Ceuta e Melilla sufren unha destrucción do empleo autónomo, e no primer trimestre do 2010 sólo Melilla e as Illas Baleares rexistran valores positivos de afiliación.

A Comunidade Autónoma que lidera a pérdida de autónomos no 2009 é Cataluña, onde se deron de baixa 28.873 autónomos, que representan un 18,93% da reducción total de autónomos en España no 2009. Séguenlle a Comunidade Valenciana con unha destrucción de 23.404 autónomos no 2009, Andalucía con 20.387 autónomos menos e a Comunidade de Madrid con unha reducción de 19.946 autónomos. Cabe destacar que en xaneiro Andalucía rexistra unha perda de 6.699 traballadores por conta propia, sendo o pico máis alto de reducción mensual rexistrado en España ó longo do 2009.

Galicia é a séptima Comunidade con maior número de baixas, rexistrando 7.643 autónomos menos, que representan un 5,01% dos 152.544 autónomos dados de baixa en España durante o 2009.

No primer trimestre do 2010 en España prodúcese unha reducción de 25.665 autónomos (total altas 121.159 e total baixas 146.824), o que supón unha contracción do 0,81% deste colectivo, que a principios de xaneiro do 2010 tiña 3.157.046 traballadores afiliados no RETA e a finais de marzo hai 3.131.381 afiliados.

A porcentaxe de reducción na afiliación ó RETA disminue significativamente ó longo do primer trimestre de 2010. Así en xaneiro había 21.957 autónomos menos no RETA, representando un -0,70%, en febreiro 3.412 autónomos se dan de baixa (-0,11%) e en marzo hai unha minoración dun 0,01% nos autónomos en comparación co mes anterior, perdéndose 296 autónomos.



Cataluña ó igual que acontecera no 2009, segue rexistrando no primer trimestre do 2010 un maior número de baixas con 4.907 autónomos menos, séguenlle por este orden Andalucía con unha reducción trimestral de 3.300 traballadores (só en xaneiro perde 4.277 autónomos, pero as altas en febreiro e marzo suman 977), a Comunidade de Madrid (-2.886) e a Comunidade Valenciana (-2.461). Galicia sitúase na quinta posición perdendo 2.604 traballadores afiliados ó RETA.

Se nos referimos á afiliación media rexistrada en España no Total Sistema (reflexa mellor como foi a afiliación no conxunto do mes), podemos decir que a Seguridade Social ganou 22.457 afiliados no mes de marzo ó pasar de 17.572.351 afiliados medios no mes de febreiro a 17.594.808, o que significa un incremento do 0,13%. O Réxime Especial Agrario perdeu en marzo 15.288 afiliados, o Réxime do Carbón rexistrou 17 baixas, mentras que o resto dos rexímenes ganaron cotizantes. Así o Réxime Xeral ten 32.691 afiliados máis respecto a febreiro, o Réxime Especial do Fogar gana 2.521 afiliados, o Réxime do Mar ten 1.678 novos cotizantes e o RETA despois de casi dous anos perdendo afiliados suma 873 ocupados en marzo situándose en 3.134.666 afiliados de media.

A hostelería rexistrou os maiores ascensos, ganando 1.843 afiliados autónomos en marzo de 2010 o que supón un incremento con respecto ó mes de febreiro dun 0,58%, séguenlle o comercio e reparación de vehículos con 1.313 cotizantes máis (+0,17%) e as actividades profesionais científicas e técnicas con un incremento de 988 autónomos (+0,49%).

Se comparamos o mes de marzo do 2009 con unha afiliación media de autónomos de 3.253.269 co mes de marzo deste ano, vemos como a afiliación se reduce un 3,65% ó perder 118.603 autónomos ata situarse nos 3.134.666.

Afiliación media Autónomos



A media anual do 2009 é de 3.220.769 afiliados autónomos, o 6,97% pertencía ó Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios e o 93,03% ó Sistema Normal. Estes datos que se os comparamos coa media do primer trimestre deste ano de 6,91% SETA e 93,09% Non SETA, reflexan un descenso dun 0,06% na afiliación no Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios.

En canto a afiliación por xénero, ó terminar o 2009 as mulleres en alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos sumaban 1.058.427 ocupadas, o equivalente ó 33,47% dos 3.162.337 cos que contaba este Réxime. En de marzo vemos como este porcentaxe se incrementa, representando as mulleres autónomas un 33,60% dos 3.134.666 afiliados no RETA.

Autónomos Marzo 2010



2. SITUACIÓN ACTUAL EN GALICIA

O número total de traballadores afiliados á Seguridade Social en Galicia rematado o mes de decembro de 2009 era de 1.021.126 traballadores. O 22,12 % dos traballadores de Galicia eran traballadores afiliados ó Réxime Especial dos Autónomos, un 0,44 % ó Réximen Especial Agrario, frente ós afiliados ó Réximen Xeral que representan unha maioría dun 73,02%.

% AFILIADOS EN DICIEMBRE DE 2009 POR RÉXIME EN GALICIA



En Febreiro de 2010 o número de afiliados medios á Seguridade Social en Galicia é de 1.006.339, supoñendo un incremento de 1.846 (0,18%) ocupados respecto ó mes anterior. Sin embargo os datos non seguen sendo mui alentadores se tomamos de referencia por un lado, o mismo mes de Febreiro de 2009 con 1.033.484 afiliados (reducción interanual dun 2,63%), e por outro se tomamos a media anual de 2009 de traballadores afiliados en Galicia que é de 1.034.468.

En marzo do 2010 a afiliación sufre un incremento dun 0,15% ó gañar 1.536 ocupados respecto a febreiro, situándose en 1.007.875 afiliados medios. A reducción interanual é de un 2,33% habendo 23.966 afiliados autónomos menos en Galicia que os que había en marzo do 2009. O Réxime Especial de Traballadores autónomos concentra o 22,19% dos traballadores afiliados en Galicia, o Réxime Xeral o 72,90%, o Réxime Especial Agrario o 0,45%, o Réxime Especial do Mar o 2,42% e o Réxime Especial dos Empregados do Fogar o 2,04%.

A crise financeira e a contración do consumo asfixia ós traballadores por conta propia, 31.702 traballadores déronse de baixa como afiliados no RETA desde xaneiro de 2009 ata finais de ano, e só uns 24.059 traballadores se afiliaron, esta situación deixa uns **7.643** traballadores menos afiliados no **Réxime Especial de Traballadores Autónomos** (RETA) da Seguridade Social durante o ano 2009. A reducción máis drástica no 2009 produciuse durante o mes de xaneiro, no que un total de 1.523 galegos deixaron de cotizar nese Réxime Especial e en febreiro o número de afiliados baixou 751 traballadores, rexistrándose así caídas significativas en ambos períodos.

En xaneiro de 2010 Galicia perdeu 1.245 autónomos, o que supón un descenso con respecto ó mes anterior dun 0,55%, os principais motivos son entre outros a falta de liquidez, dificultad para acceder ó crédito e a alta tasa de morosidade.

Cabe salientar que no mes de Febreiro deste ano a reducción é menos drástica, o número total de altas foi de 2.175 e o total de baixas 2.669, rexistrándose así un descenso de 494 traballadores afiliados ó RETA hasta situarse nos 223.831 a final de mes.

En marzo sigue esa tendencia descendente na destrucción de empleo autónomo, computándose 2.260 altas e 2.585 baixas, o que se traduce en 325 autónomos menos que no mes de febreiro, sendo a afiliación no RETA en marzo de 223.506 traballadores. Estos datos deixan un total de 2.064 ocupados menos durante o primero trimestre do 2010.

2.1. MOVEMENTO DOS TRABALLADORES NO 2009-2010.

MOVEMENTO DOS TRABALLADORES ANO 2010

	RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS				RÉXIMEN E. AGRARIO			
DIRECCIÓNS PROVINCIAIS	**Situación fin mes anterior**	**Altas**	**Baixas**	**Situación fin de mes**	**Situación fin mes anterior**	**Altas**	**Baixas**	**Situación fin de mes**
								MARZO 2010
A Coruña	89.232	883	1.040	89.075	1.428	94	74	1.448
Lugo	38.969	272	314	38.927	1.357	60	75	1.342
Ourense	26.957	266	334	26.889	373	41	52	362
Pontevedra	68.673	839	897	68.615	1.341	71	99	1.313
GALICIA	**223.831**	**2.260**	**2.585**	**223.506**	**4.499**	**266**	**300**	**4.465**
								FEBREIRO 2010
A Coruña	89.378	913	1.059	89.232	1.432	86	90	1.428
Lugo	39.074	276	381	38.969	1.360	64	67	1.357
Ourense	27.065	222	330	26.957	389	18	34	373
Pontevedra	68.808	764	899	68.673	1.351	60	70	1.341
GALICIA	**224.325**	**2.175**	**2.669**	**223.831**	**4.532**	**228**	**261**	**4.499**
								XANEIRO 2010
A Coruña	89.829	744	1.195	89.378	1.420	57	45	1.432
Lugo	39.261	179	366	39.074	1.355	58	53	1.360
Ourense	27.219	220	374	27.065	406	13	30	389
Pontevedra	69.261	684	1.137	68.808	1.333	83	65	1.351
GALICIA	**225.570**	**1.827**	**3.072**	**224.325**	**4.514**	**211**	**193**	**4.532**

http://www.seg-social.es/Internet_1/Estadistica/Est/aaa/Altas_y_Bajas_de_afiliaci_n/index.htm

MOVEMENTO DOS TRABALLADORES ANO 2009

	RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS				RÉXIMEN E. AGRARIO			
DIRECCIÓNS PROVINCIAIS	**Situación fin mes anterior**	**Altas**	**Baixas**	**Situación fin de mes**	**Situación fin mes anterior**	**Altas**	**Baixas**	**Situación fin de mes**
								DECEMBRO 2009
A Coruña	90.080	691	942	89.829	1.409	67	56	1.420
Lugo	39.497	193	429	39.261	1.358	53	56	1.355
Ourense	27.305	181	267	27.219	418	20	32	406
Pontevedra	69.427	664	830	69.261	1.390	81	138	1.333
GALICIA	**226.309**	**1.729**	**2.468**	**225.570**	**4.575**	**221**	**282**	**4.514**
								NOVEMBRO 2009
A Coruña	90.349	779	1.048	90.080	1.417	70	78	1.409
Lugo	39.651	206	360	39.497	1.367	60	69	1.358
Ourense	27.413	230	338	27.305	442	26	50	418
Pontevedra	69.716	682	971	69.427	1.390	136	136	1.390
GALICIA	**227.129**	**1.897**	**2.717**	**226.309**	**4.616**	**292**	**333**	**4.575**
								OUTUBRO 2009
A Coruña	90.485	881	1.017	90.349	1.458	102	143	1.417
Lugo	39.782	206	337	39.651	1.391	86	110	1.367
Ourense	27.513	226	326	27.413	558	68	184	442
Pontevedra	70.058	752	1.094	69.716	1.935	184	729	1.390
GALICIA	**227.838**	**2.065**	**2.774**	**227.129**	**5.342**	**440**	**1.166**	**4.616**
								SETEMBRO 2009
A Coruña	90.588	887	990	90.485	1.384	166	92	1.458
Lugo	39.828	262	308	39.782	1.356	82	47	1.391
Ourense	27.543	250	280	27.513	332	336	110	558
Pontevedra	70.300	745	987	70.058	1.178	1.063	306	1.935
GALICIA	**228.259**	**2.144**	**2.565**	**227.838**	**4.250**	**1.647**	**555**	**5.342**
								AGOSTO 2009
A Coruña	90.794	679	885	90.588	1.374	48	38	1.384
Lugo	39.945	189	306	39.828	1.363	49	56	1356
Ourense	27.594	183	234	27.543	338	16	22	332
Pontevedra	70.443	587	730	70.300	1.216	40	78	1.178
GALICIA	**228.776**	**1.638**	**2.155**	**228.259**	**4.291**	**153**	**194**	**4.250**
								XULLO 2009
A Coruña	91.103	865	1.174	90.794	1.366	79	71	1.374
Lugo	39.985	302	342	39.945	1.374	51	62	1.363
Ourense	27.647	285	338	27.594	359	22	43	338
Pontevedra	70.376	1.076	1.009	70.443	1.235	63	82	1.216
GALICIA	**229.111**	**2.528**	**2.863**	**228.776**	**4.334**	**215**	**258**	**4.291**

MOVEMENTOS DOS TRABALLADORES NO 2009

	RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS				RÉXIMEN E. AGRARIO			
DIRECCIÓNS PROVINCIAIS	**Situación fin mes anterior**	**Altas**	**Baixas**	**Situación fin de mes**	**Situación fin mes anterior**	**Altas**	**Baixas**	**Situación fin de mes**
							XUÑO 2009	
A Coruña	91.258	877	1.032	91.103	1.361	79	74	1.366
Lugo	40.077	256	348	39.985	1.395	57	78	1.374
Ourense	27.719	242	314	27.647	367	37	45	359
Pontevedra	70.416	801	841	70.376	1.228	90	83	1.235
GALICIA	**229.470**	**2.176**	**2.535**	**229.111**	**4.351**	**263**	**280**	**4.334**
							MAIO 2009	
A Coruña	91.470	740	952	91.258	1.355	79	73	1.361
Lugo	40.205	222	350	40.077	1.376	79	60	1.395
Ourense	27.784	217	282	27.719	361	31	25	367
Pontevedra	70.541	624	749	70.416	1.205	92	69	1.228
GALICIA	**230.000**	**1.803**	**2.333**	**229.470**	**4.297**	**281**	**227**	**4.351**
							ABRIL 2009	
A Coruña	91.779	789	1.098	91.470	1.342	72	59	1.355
Lugo	40.264	294	353	40.205	1.390	72	86	1.376
Ourense	27.820	260	296	27.784	359	37	35	361
Pontevedra	70.630	801	890	70.541	1.266	52	113	1.205
GALICIA	**230.493**	**2.144**	**2.637**	**230.000**	**4.357**	**233**	**293**	**4.297**
							MARZO 2009	
A Coruña	91.916	799	936	91.779	1.341	52	52	1.342
Lugo	40.328	284	348	40.264	1.373	88	71	1.390
Ourense	27.864	287	331	27.820	350	46	37	359
Pontevedra	70.831	712	913	70.630	1.300	70	104	1.266
GALICIA	**230.939**	**2.082**	**2.528**	**230.493**	**4.364**	**257**	**264**	**4.357**
							FEBREIRO 2009	
A Coruña	92.169	791	1.044	91.916	1.325	90	74	1.341
Lugo	40.461	243	375	40.328	1.390	63	80	1.373
Ourense	27.908	268	312	27.864	342	45	37	350
Pontevedra	71.152	703	1.024	70.831	1.291	88	79	1.300
GALICIA	**231.690**	**2.004**	**2.755**	**230.939**	**4.348**	**286**	**270**	**4.364**
							XANEIRO 2009	
A Coruña	92.772	785	1.388	92.169	1.322	65	62	1.325
Lugo	40.648	240	427	40.461	1.405	67	82	1.390
Ourense	28.082	205	379	27.908	344	19	21	342
Pontevedra	71.711	619	1.178	71.152	1.293	68	70	1.291
GALICIA	**233.213**	**1.849**	**3.372**	**231.690**	**4.364**	**219**	**235**	**4.348**

A entrada en Vigor da Lei 18/2007 a principios do ano 2008 afectou a Comunidade Autónoma de Galicia de forma diferente para cada unha das súas provincias. Sen dúbida onde máis se notou a creación do Sistema Especial de Traballadores Autónomos (SETA) foi nas provincias de A Coruña e Lugo.

En decembro de 2009 contabilízanse 4.514 traballadores afiliados ó Réxime Especial Agrario, o que supón un incremento de 150 afiliados ó longo do ano. O mes de setembro é o que fai que estos datos na afiliación anual sexan positivos ó haber 1.092 ocupados máis respeto ó mes anterior.

En xaneiro do 2010 segue esa tendencia alcista na afiliación ó Réxime Especial Agrario rexistrándose 4.532 persoas, pero en febreiro e marzo a situación empeora ó darse de baixa un total de 67 afiliados neste Réxime.



Galicia empezou o ano 2009 cun total de 233.213 traballadores por conta propia afiliados á Seguridade Social, unha cifra que se reduciu ó longo do ano, ata chegar aos 225.570 que constaban no RETA a 30 de decembro.

Un total de 2.717 empregados por conta propia déronse de baixa da Seguridade Social no mes de novembro de 2009 e o censo total reduciuse ata os 226.309 traballadores, destes 820 afiliados menos que no mes anterior, o 35% corresponden ó sector da agricultura e gandeiría, un 31% á construcción, un 12% ó comercio e reparación de vehículos, e un 12% á hostelería. Cifra que segue disminuindo ata **cerrar o ano 2009 cos 225.570 traballadores** afiliados ó RETA, sendo o número de autónomos de cada provincia o seguinte:



En xaneiro de 2010 a situación é máis preocupante xa que un total de 1.245 autónomos déronse de baixa respecto ó mes anterior correspondendo un 26% á agricultura e pesca, un 25% á construcción, un 14% ó comercio e reparación de vehículos, e un 7% á hostelería, rexístrandose neste período a cifra de 224.325 afiliados. En febreiro no RETA hai 223.831 persoas e se esta cifra a comparamos cos datos de febreiro de 2009 observamos que hai 7.108 autónomos menos, unha reducción interanual dun 3,08%. Os sectores de actividade que concentran maior número de autónomos son por este orden, o comercio, a agricultura e ganadería, a construcción e a hostelería, representando no seu conxunto un 67,7% dos 223.831 autónomos existentes en Febreiro de 2010.



En marzo do 2010 o RETA perde 325 autónomos, dos cales un 77% corresponden ó sector da agricultura, gandeiría, silvicultura e pesca; un 31% á construcción e un 12% á industria manufacturera. Gañando afiliados os sectores das actividades profesionais, científicas e técnicas (+48), a hostelería (+36), actividades artísticas (+24) e educación (+20), representando un + 39%.

No ano 2009 as estadísticas da Seguridade Social amosan unha pérdida de 7.643 afiliacións de traballadores autónomos, que sumado ás baixas do primeiro trimestre do 2010 que son 2.064 mostran un total de 9.707 afiliados menos desde principios de xaneiro del 2009.

A finais do mes de marzo contamos con **999.758 traballadores afiliados á Seguridade Social en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, dos cales 223.506 traballadores pertencen ó Réxime especial de Traballadores Autónomos**. En Lugo contamos con 38.927 traballadores Autónomos un 19% Non SETA e un 12% SETA, do total dos traballadores.

Autónomos Galicia Marzo 2010



2.2. SITUACIÓN DE AFILIADOS EN ALTA POR REXÍMENES

Media Anual 2009

Direccións Provinciais	Réxime xeral	Réxime Especial Traballadores Autónomos		Réxime Especial Agrario	Réxime Especial do Mar		Réxime Esp. Minería Carbón	Réxime Esp. Emplead. fogar		TOTAL SISTEMA
		No SETA	SETA		Cta. Ajena	Cta. Propia		Continuos	Discont.	
A Coruña	325.813	76.510	14.588	1.381	3.586	3.056	18	5.581	2.950	433.483
Lugo	83.273	24.181	15.792	1.381	1.696	253	0	1.323	1.548	129.448
Ourense	77.656	23.973	3.669	384	0	0	0	1.489	1.476	108.649
Pontevedra	268.822	64.062	6.267	1.329	8.519	7.607	0	4.016	2.267	362.889
GALICIA	**755.564**	**188.726**	**40.316**	**4.475**	**13.801**	**10.916**	**18**	**12.410**	**8.242**	**1.034.468**

Media Marzo 2010

DIRECCIÓNS	Réxime Xeral	Réxime Especial Traballadores Autónomos		Réxime Especial Agrario	Réxime Especial do Mar		Réxime Esp. Minería Carbón	Réxime Esp. Emplead. Fogar		TOTAL SISTEMA
		No SETA	SETA		Cta. Ajena	Cta. Propia		Continuos	Discont	
A Coruña	319.583	75.527	13.650	1.449	3.583	3.063	13	5.459	3.020	425.347
Lugo	81.057	23.916	15.036	1.358	1.744	238	0	1.285	1.575	126.209
Ourense	75.859	23.557	3.370	367	0	0	0	1.482	1.486	106.122
Pontevedra	258.222	62.890	5.753	1.334	8.243	7.492	0	3.909	2.354	350.197
GALICIA	**734.721**	**185.981**	**37.809**	**4.508**	**13.570**	**10.793**	**13**	**12.135**	**8.434**	**1.007.875**

Media Anual 2009 GALICIA



Marzo 2010

Réximen Especial Traballadores Autónomos Galicia



2.3. AFILIACIONS EN ALTA POR XÉNERO E PROVINCIAS

31 de Marzo de 2010

	RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS S. NORMAL			RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS S.E.T.A.		
	VARONS	MULLERES	TOTAIS	VARONS	MULLERES	TOTAIS
La Coruña	46.295	29.153	75.448	4.437	9.190	13.627
Lugo	15.345	8.562	23.907	6.365	8.655	15.020
Orense	15.241	8.288	23.529	1.026	2.334	3.360
Pontevedra	38.798	24.082	62.880	1.695	4.040	5.735
GALICIA	**115.679**	**70.085**	**185.764**	**13.523**	**24.219**	**37.742**

Autónomos S. Normal Galicia



Autónomos S.E.T.A Galicia



2.4. AFILIACIÓNS EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE

RÉXIMEN E. AUTÓNOMOS

Último día Marzo 2010

	Agric., Gana. Silv. e Pesca A	Ind. Extractivas B	Ind. Manufact. C	Suminis. Enerxía D	Suminis. auga, resid. E	Construción F	Comer. Rep. Vehículos G	Transptes. Almacena. H	Hosta laría I	Informac. Comunicac. J
A Coruña	14.962	30	5.587	20	46	12.489	20.862	4.542	10.617	828
Lugo	16.033	43	1.949	13	13	4.222	6.576	1.998	3.069	122
Ourense	4.353	87	2.368	5	23	4.756	6.310	1.311	2.965	144
Pontevedra	6.793	151	4.955	17	55	10.109	19.293	4.098	7.860	626
GALICIA	**42.141**	**311**	**14.859**	**55**	**137**	**31.576**	**53.041**	**11.949**	**24.511**	**1.720**

	Act. Financ. y Seguros K	Act. Inmobi- liarias L	Actv .Prof. Cient. Téc. M	Actv .Admt. Serv.Auxil. N	Admón Púb. Defen., S.S. O	Educa ción P	Actv .Sanit. Serv.Sociales Q	Actv .Artis. Rec.y Entr. R	Outros Servicios S	Fogares P. Domést. T	Total
A Coruña	1.409	620	4.863	2.360	3	1.557	1.988	1.044	5.243	4	89.075
Lugo	448	115	1.229	540	1	377	480	229	1.469	1	38.927
Ourense	433	87	982	409	12	379	416	231	1.618	0	26.889
Pontevedra	1.251	470	3.634	1.794	2	1.172	1.441	773	4.113	8	68.615
GALICIA	**3.541**	**1.292**	**10.708**	**5.103**	**18**	**3.485**	**4.325**	**2.277**	**12.443**	**13**	**223.506**

Sectores de actividade Réxime E. Traballadores Autónomos GALICIA



2.5 O PERFIL DO AUTÓNOMO.

A crise non variou o perfil do autónomo galego, que fundamentalmente é un home de entre 40 e 54 anos, desenvolve a súa actividade no sector servizos, non ten traballadores ó seu cargo e cotiza pola base mínima.

En xaneiro do 2010 só un 3,5% dos autoempregados teñen un negocio cunha antigüedade inferior a seis meses (en xaneiro do 2009 a porcentaxe era dun 3,2%), mentres que os que abriron fai entre seis e once meses supoñen un 3,6% (en xaneiro do 2009 era dun 4%).



No outro lado da balanza están os autónomos antigos, que optaron por adiantar o peche dos seus negocios ou a idade de xubilación ante unha realidade difícil: dos 233.213 autónomos que Galicia tiña a 31 de decembro de 2008, 81.357 (o 34,9%) mantiñan o seu negocio desde facía mais de cinco anos. Un ano máis tarde, a cifra experimenta un descenso de 1.059 afiliacións e quen rexentan os negocios máis lonxevos son só o 34,4 % dos autoempregados de Galicia.



2.6. OS AUTÓNOMOS EXTRANXEIROS

Neste apartado centrámonos nun estudo MTIN - Afiliados extranxeiros por CC.AA., sectores e países de procedencia . xaneiro 2010 ***publicado na páxina web da Seguridade Social.***



Galicia manténse como a oitava comunidade autónoma do Estado con menos traballadores autónomos estranxeiros rexistrados, ó representar un 2,45 por cento de afiliados contabilizados deste colectivo no conxunto de España.

Destacamos os datos das comunidades autónomas cunha tasa inferior á de Galicia: Cantabria (0,67 por cento), A Rioja, (0,69 por cento), Extremadura (0,85%), Asturias (0,98%) e Navarra (1,24 por cento) contan cunha proporción inferior á da comunidade galega en canto ó menor peso dos autónomos extranxeiros –no caso das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, rexistran un 0,11 por cento e un 0,20% respectivamente, de autónomos extranxeiros.

Se comparamos o xaneiro 2008-2009, o resultado é dun -0,8% cunha diferencia absoluta de 319 traballadores extranxeiros afiliados a Seguridade Social no 2009 menos que a principios do ano 2008.

En xaneiro de 2010 rexístranse 2.103 afiliados menos que no mismo período do 2009, supoñendo unha variación interanual dun -5,2%.

2.6.1. EVOLUCIÓN DE AFILIACIÓN MEDIA DE EXTRANXEIROS POR PROVINCIA

A variación de extranxeiros na comunidades de Galicia nos últimos 3 anos, vese reflexada na seguinte taboa. No 2008-2009 que podemos apreciar un **– 0,8 %,** mentras que no 2009-2010 esta variación multiplícase por 6,5. Dos 40.215 autónomos afiliados no mes de xaneiro do 2009 pérdense 2.103 afiliacións se reparamos no xaneiro do presente ano 2010.

	Xaneiro-08	*Xaneiro-09*	*Variación 08/09*		*Xaneiro-10*	*Variación 09/10*	
			Absoluta	*En %*		*Absoluta*	*En %*
A Coruña	13.403	13.735	332	2,5%	13.412	-323	-2,4%
Lugo	**5.676**	**5.845**	**169**	**3,0%**	**5.621**	**-224**	**-3,8%**
Ourense	4.738	4.835	97	2,1%	4.566	-269	-5,6%
Pontevedra	16.717	15.800	-917	-5,5%	14.513	-1.287	-8,1%
GALICIA	***40.534***	***40.215***	***-319***	***-0,8%***	***38.112***	***-2.103***	***-5,2%***

Galicia contaba con **1.004.493** traballadores afiliados a Seguridade Social a **principios do 2010**, dos cales uns 38.112 son Traballadores extranxeiros, uns 3,79 % dos traballadores totais.

O número de traballadores empregados por conta propia é de **224.919** (un 22,39% dos traballadores totais de Galicia) dos cales **4.800** son traballadores autónomos extranxeiros, un 2,13%.

	R. XENERAL	*AUTÓNO-MOS*	*AGRARIO*	*TRAB. MAR*	*MINERIA CARBÓN*	*FOGAR*	*TOTAL*
A Coruña	8.902	1.667	355	410	0	2.078	13.412
Lugo	**3.508**	**516**	**611**	**521**	**0**	**465**	**5.621**
Ourense	3.263	658	189	0	0	455	4.566
Pontevedra	10.258	1.959	288	639	0	1.370	14.513
GALICIA	**25.930**	**4.800**	**1.443**	**1.571**	**0**	**4.368**	**38.112**



2.6.2 AFILIACIÓNS DOS EXTRANXEIROS SEGÚN PROCEDENCIA POR PROVINCIA.

Xaneiro 2010



Direccións PROVINCIAIS	RÉXIMEN ESP TRAB. AUTÓNOMOS		
	UNIÓN EUROPEA	NON UNIÓN EUROPEA	TOTAL
A Coruña	628	1.039	1.667
Lugo	226	290	516
Ourense	420	238	658
Pontevedra	1.009	950	1.959
GALICIA	2.283	2.517	4.800

2.6.3 AFILIACIÓN MEDIA DO XÉNERO DOS EXTRANXEIROS POR PROVINCIAS

Xaneiro de 2010

DIRECCIÓNS PROVINCIAIS	RÉXIMEN E. AUTÓNOMOS	
	Homes	Mulleres
A Coruña	979,68	687,31
Lugo	299,57	216,05
Ourense	434,21	224,00
Pontevedra	1.238,84	719,84
GALICIA	**2.952,31**	**1.847,21**



http://www.seg-social.es/Internet_1/Estadistica/Est/aaa/Afiliaciones_en_alta_laboral/Afiliaci_n__ltimo_d_a_del_mes/_lt._D_a._Afiliados_extranjeros_por_CC.AA._y_provincias._Reg_menes_y_g_nero/index.htm

2.6.4. AFILIACIÓN EXTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Media FEBREIRO 2010

SECTORES	RÉXIMEN ESP TRAB. AUTÓNOMOS			
	UNIÓN EUROPEA	NON UNIÓN EUROPEA	TOTAL	%REG AUTON.
AGRICULTURA, GANDEIRIA, CAZA Y SELVICULTURA Y PESCA	104	32	137	2,86%
INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	4	1	5	0,10%
INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	156	72	228	4,77%
SUMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	1	0	1	0,02%
SUMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES SANEAMENT O, RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	3	2	5	0,10%
CONSTRUCIÓN	**519**	**210**	**728**	**15,27%**
